MU

Manual de usuario

OVGAN – GANDEIRO

Manual de usuario da Oficina virtual de gandaría para gandeiro

Elaborado por AMTEGA

AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA

Xacobeo 2027

Control de cambios

VERSIÓN ORIXINAL			
NOME DO DOCUMENTO:	Manual de usuario OVGAN - Gandeiro	**VERSIÓN:**	04.01
COD. DO DOCUMENTO:	OVGAN_MU_gandeiro_v04.01		
ELABORADO POR:	Xerencia de Medio Rural	**DATA:**	11/07/2024
VALIDADO POR:	AMTEGA - Xerencia de Medio Rural	**DATA:**	11/07/2024
APROBADO POR:	AMTEGA - Xerencia de Medio Rural	**DATA:**	11/07/2024

REXISTRO DE CAMBIOS					
Versión	Causa da nova versión	Modificado	Validado	Aprobado	Data de aprobación
04.00	Revisión xeral e actualización de capturas de pantalla		Si	Si	11/07/2024
04.01	Eliminación logo FEDER. Novo trámite Veterinario Explotación	Si	Si	Si	12/06/2026

CLÁUSULA DE CONFIDENCIALIDADE
Este documento é propiedade da Amtega (Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia). Deberá empregar este material exclusivamente para os servizos que foron acordados coa Amtega e que requiren necesariamente da súa utilización. Está prohibida a reprodución parcial ou total, por calquera medio ou método, dos contidos deste documento para calquera outro uso non acordado coa Amtega.

Índice

1. INTRODUCIÓN....6

2. PRESENTACIÓN DO SISTEMA....7

2.1. Requisitos hardware e software....7

2.2. Perfís de usuario....7

2.3. Modos de acceso....7

3. ELEMENTOS XERAIS DO SISTEMA....9

3.1. Campos obrigatorios....9

3.2. Iconas xerais....9

3.3. Campos con información inválida....9

3.4. Mensaxes....10

3.5. Confirmación de borrado de elemento....10

3.6. Bloques que se poden mostrar e ocultar....10

3.7. Compoñente selector múltiple con buscador....11

3.8. Reixa de elementos....11

3.9. Buscadores....12

3.10. Botóns....13

3.11. Selección de explotación....14

3.12. Xeneralidades dos trámites....16

3.12.1. Datos comúns a todos os trámites....16

3.12.2. Asistente para trámites....17
3.12.3. Borrador de trámite....19
3.12.4. Botóns do asistente de trámites....20
3.12.5. Apartados comúns nos trámites de movemento....21
3.12.6. Trámites de aprobación directa ou supervisada....26

4. FUNCIONALIDADES DO SISTEMA....28

4.1. Páxina inicial - Menú....28
4.2. Páxina inicial - Muro....28
4.3. Axuda....30
4.4. Meus documentos....30
4.5. Consultas....32
4.5.1. Explotacións....32
4.5.2. Documento de acreditación sanitaria....34
4.5.3. Libro de explotación....35
4.5.4. Declaracións de censo....35
4.5.5. Censo a unha data....37
4.5.6. Animais identificados individualmente....40
4.5.7. Movementos....45
4.5.8. Consultas públicas....47
4.6. Novo trámite....47
4.6.1. Alta por nacemento....47

4.6.2. Animais pendentes de incorporar....50
4.6.3. Declaración de movemento saídas....52
4.6.4. Declaración de movemento entradas....54
4.6.5. Solicitude de duplicados de crotal....56
4.6.6. Solicitude de DIB por correo postal....60
4.6.7. Solicitude guía regular....61
4.6.8. Solicitude de autoguía....63
4.6.9. Declaración de censo a unha data....64
4.6.10. Vinculación entidade identificadora....66
4.6.11. Desvinculación entidade identificadora....68
4.6.12. Vinculación a empresa servizos....69
4.6.12. Desvinculación de empresa servizos....70
4.6.14. Cambio de datos persoais....71
4.6.15. Declaración de sistema produtivo....74
4.6.16. Comunicación veterinario de explotación....75
4.6.17. Cese veterinario de explotación....75
4.7. Meus trámites....75
5. ANEXO I: GLOSARIO DE TERMOS....77

1. INTRODUCIÓN

Neste documento descríbese o funcionamento do sistema OVGAN (Oficina Virtual de Gandería) para persoas co perfil gandeiro.

Para máis información e outros documentos relacionados con este sistema consultar:

- Outras guías e documentos de axuda dispoñibles na propia aplicación na opción "Axuda".
- A páxina web: Oficina Virtual de la Consellería do Medio Rural.

As principais funcionalidades deste sistema son as seguintes:

- Consultas:
  - Explotacións.
  - Documento de acreditación sanitaria.
  - Libro de explotación.
  - Declaracións de censos.
  - Censo a unha data.
  - Animais identificados individualmente.
  - Movementos.
  - Consulta públicas.
- Novo trámite:
  - Alta por nacemento.
  - Animais pendentes de incorporar
  - Declaración de movemento saídas
  - Declaración de movemento entradas
  - Solicitude de duplicados de crotal
  - Solicitude de DIB por correo postal
  - Solicitude guía regular
  - Solicitude de autoguía
  - Declaración de censo a unha data
  - Vinculación/desvinculación entidade identificadora
  - Vinculación/Desvinculación empresa servizos
  - Cambio de datos persoais
  - Declaración sistema produtivo
  - Comunicación veterinario de explotación
  - Cese veterinario de explotación
- Meus documentos.
- Meus trámites.

2. PRESENTACIÓN DO SISTEMA

2.1. Requisitos hardware e software

- Navegador web

O sistema é accesible desde calquera dispositivo utilizando unha navegador web moderno compatible con conexión a internet, por exemplo as últimas versións dos navegadores Firefox, Chrome ou Edge. Móstrase unha advertencia no caso de que o navegador utilizado presente problemas de compatibilidade que poidan provocar un comportamento incorrecto.

- Documentos PDF

Para poder visualizar os documentos xerados polo sistema é preciso dispoñer dun visor PDF compatible con formato PDF 1.6 ou superior.

- Follas de cálculo

Para ver ou editar as follas de cálculo xeradas polo sistema é preciso dispoñer dun editor de follas de cálculo compatible co formato XLSX.

2.2. Perfís de usuario

O sistema permite o acceso a diferentes grupos de persoas, aínda que este documento diríxese exclusivamente ás persoas propietarias de explotacións gandeiras (perfil gandeiro).

2.3. Modos de acceso

Os gandeiros teñen varias alternativas de identificación para acceder ao sistema:

- Acceso con credenciais tipo PIN.

Para acceder require introducir o NIF e o PIN que se proporciona nas Oficinas Agrarias Comarcais.

Este tipo de acceso non permite realizar certos trámites.

- Acceso con credenciais tipo Chave365

O acceso realízase introducindo o NIF e unha Clave proporcionados polo sistema Chave365. O sistema Chave365 permite acceder a leste e outros servizos da Xunta de Galicia, Sergas etc.

- Acceso con certificado electrónico ou DNI electrónico

- Acceso con credenciais Cl@ve

Posibilita o acceso a trámites electrónicos a quen non dispón de certificado electrónico.


OVGAN
Oficina virtual de Gandaría
Seleccione o tipo de acceso
Acceso con PIN
Acceso con certificado dixital, Chave365 ou Cl@ve
Avisos e opcións públicas

3. ELEMENTOS XERAIS DO SISTEMA

Detállanse a continuación aqueles elementos e comportamentos que están presentes en boa parte das pantallas do sistema, co obxectivo de evitar a súa repetición noutras seccións deste documento.

3.1. Campos obrigatorios

Os campos marcados co símbolo "*" é obrigatorio enchelos con información.



3.2. Iconas xerais

En todas as pantallas da aplicación úsanse diversas iconas para identificar operacións comúns a todas elas. Na seguinte táboa móstranse a representación gráfica de cada icona, a súa función e o seu nome curto que usaremos no resto do documento cando nos queiramos referir a el.

Icona	Nome curto	Función
	Papeleira	Borra ou limpa o elemento asociado á icona.
	Detalle	Mostra o detalle do elemento asociado á icona
	Seleccionar	Selecciona o elemento, normalmente unha fila, asociado á icona
	Mostrar	Abre un panel ou bloque que está encartado ou pechado para mostrar máis información
	Ocultar	Pecha un panel ou bloque de información
	Descargar	Inicia a descarga do documento vinculado á icona
	Editar	Permite abrir en modo edición o elemento asociado á icona
	Buscar	Executa procura asociada á icona ou botón.

3.3. Campos con información inválida

Os campos marcados en vermello conteñen información inválida. A existencia de campos con información inválida imposibilita gardar os datos no sistema polo que é necesario corrixir dita información.

No caso das solicitudes dos diferentes trámites, mentres existan campos con información inválida non se poderá validar a solicitude.



3.4. Mensaxes

En xeral, na aplicación, móstranse as mensaxes de erro, alertas e avisos na barra inferior da pantalla resaltada noutra cor. Todas as mensaxes desaparecen pasados uns segundos, excepto as mensaxes de erro para os cales o usuario terá que pulsar sobre a "X" para pechalos.

En cor verde móstranse as mensaxes de éxito tras realizar unha operación:



En cor vermella móstranse as mensaxes de erro:



En cor azul móstranse as mensaxes de información:



En cor amarela móstranse as mensaxes de alerta:



3.5. Confirmación de borrado de elemento

Cando se pulse sobre a icona correspondente á papeleira , móstrase unha mensaxe de confirmación de borrado.



Para confirmar o borrado do elemento deberase pulsar sobre o botón "Si", pola contra, se non se desexa borrar o elemento o usuario deberá pulsar sobre o botón "Non".

3.6. Bloques que se poden mostrar e ocultar

En moitas pantallas aparecen bloques de información que se poden mostrar ou ocultar pulsando sobre as iconas "***+/-***".



3.7.Compoñente selector múltiple con buscador

Trátase dun selector múltiple con buscador que permite ao usuario realizar unha procura do elemento ou elementos que desexa seleccionar. Para iso debe ir escribindo a cadea de texto a buscar e debaixo móstraselle a lista dos elementos que conteñan o texto introducido. Pódese seleccionar máis dun elemento marcando o recadro.



Pódense eliminar elementos dos seleccionados de dúas formas:

- Pulsando sobre o aspa do elemento que se quere eliminar.



- Pulsando sobre o check do elemento que se quere eliminar.

3.8. Reixa de elementos



As compoñentes reixa, son ricos en funcionalidade:

- Permite cambiar a orde dos resultados pulsando no título da columna.
- Permite aumentar os resultados máximos por páxina e a navegación entre elas.
- Pulsando sobre a icona detalle: accédese a ver os datos dun determinado elemento.
- Pulsando sobre a icona: selecciónase un determinado elemento da listaxe.

3.9. Buscadores

Cando se accede a calquera buscador da aplicación (*exceptuando a consulta de Explotacións, Os meus documentos e Os meus trámites*), a procura non se lanza directamente, e o usuario deberá de introducir os filtros de procura. Ademais, os buscadores teñen configurado un límite máximo de resultados a devolver por consulta, de modo que se nalgún deles supérase o límite máximo móstrase unha mensaxe de aviso ao usuario informando da devandita situación.



Todos os buscadores divídense en tres partes:

1. Unha primeira parte correspondente á procura simple por un campo. No devandito campo indícase a descrición do filtro polo que se realiza a procura simple:



Para que se realice a procura, o usuario debe introducir o valor para buscar e a continuación pulsar sobre o botón buscar.

A resposta non é inmediata e mentres se espera a mesma o botón mostra unha icona distinta de actividade:



Cando a procura finaliza o botón volve ao seu estado orixinal e os resultados móstranse na reixa de resultados. Se a reixa de resultados non está visible é necesario moverse cara abaixo coa barra de desprazamento vertical para poder vela.

2. A segunda parte consiste nun conxunto de filtros adicionais, mediante os cales o usuario pode realizar procuras aplicando outras condicións. Para que se mostre o devandito buscador o usuario debe pulsar sobre o botón Máis filtros:



E mostrarase o formulario cos filtros adicionais xunto cunha icona dunha papeleira e un botón ***Buscar***:



- O botón ***Buscar*** realiza a procura aplicando os filtros establecidos. O dito para o botón "Buscar" da procura simple, aplica para este botón "Buscar" da procura avanzada.
- A icona da papeleira baleira a reixa de resultados e limpa os filtros de procura.

3. E un último bloque na parte inferior formado por unha reixa cos resultados da procura xunto a dous botóns:



- O botón ***Limpar*** baleira a reixa de resultados e limpa os filtros de procura que se introduciron.
- O botón ***Exportar*** permite a exportación dos elementos mostrados na reixa de resultados a unha folla de cálculo en formato .xlsx. Este botón non está sempre dispoñible, móstrase só en certas listaxes.

3.10. Botóns

Os botóns visualízanse tanto na parte superior como na parte inferior da pantalla:



3.11. Selección de explotación

Nalgunhas pantallas da aplicación é necesario seleccionar a explotación coa que o usuario vai traballar. En función do número de explotacións asociadas ao usuario, a forma de seleccionala será diferente.

Cando un usuario ten un número reducido de explotacións móstrase unha listaxe para que seleccione con cal quere traballar, tendo en conta que se mantén preseleccionada aquela con a que traballase no trámite máis recente.



Noutros casos móstrase un buscador xenérico de explotacións, para que, utilizando diversos filtros o usuario localice a explotación coa que quere traballar.



Pulsando sobre o botón "***Elixir explotación***" mostrarase o buscador de explotacións.

Unha vez realizada a procura, deberase pulsar sobre a icona seleccionar ou sobre a ligazón correspondente ao código REGA para seleccionar a explotación. Móstrase preseleccionada aquela explotación coa que estivese traballando anteriormente.



No bloque de datos da explotación inclúense os datos da explotación seleccionada. Por defecto este bloque está sempre contraído e para ver a información deberase pulsar sobre a icona mostrar ✚:



Ao pulsar sobre esta icona esténdese un panel cos datos da explotación:



3.12. Xeneralidades dos trámites

A introdución de datos á hora de realizar un trámite deseñouse en forma de asistente, de forma que se solicita ao gandeiro, paso a paso, todos os datos necesarios ata que se completa toda a información necesaria, revísase e confírmase a gravación do trámite.

3.12.1. Datos comúns a todos os trámites

Todos os trámites dispoñibles na aplicación teñen en común os seguintes elementos:

- Identificación da solicitude: Este bloque de datos só está visible cando a solicitude xa foi presentada. Inclúe os datos do solicitante, así como o estado da solicitude e a data na que se realiza a presentación do trámite. Por defecto este bloque está sempre contraído e para ver a información débese pulsar sobre a icona mostrar ✚.



Cando o bloque está visible e expandido podemos consultar os detalles da identificación:



- Explotación: Na maioría dos trámites o usuario debe seleccionar a explotación para a que vai realizar o trámite mediante o selector de explotación. Unha vez seleccionada, pódese visualizar a información básica da mesma pulsando sobre a icona mostrar "*+ Ver datos da explotación*":



- ***Xerar documentación***: En case todos os trámites hai a posibilidade de volver xerar a documentación asociada ao trámite pulsando o botón "Xerar documentación".



Os documentos xerados aparecen nos apartado "Documentos relacionados".


Documentos relacionados

Nº de Solicitude	Estado	Nome arquivo	Tamaño	D. Creación	Explotación	
126[redacted]	Xerado	DIB_ES011[redacted]20240620090741.pdf	158.01 KB	20/06/2024	ES360[redacted]	
126[redacted]	Xerado	ResgardoDeclaracionMovemento_ES360[redacted]20240620090419.pdf	72.26 KB	20/06/2024	ES360[redacted]	

3.12.2. Asistente para trámites

O asistente de trámites solicita ao gandeiro, paso a paso, todos os datos necesarios ata completar cada trámite.

Un trámite consta de tres pasos principais:

1. Cubrir os datos necesarios: o usuario cobre todos os datos necesarios para completar a solicitude do trámite. Á súa vez este paso principal divídese en varios subpasos. En cada subpaso cóbrese e valida un bloque de datos concreto.
2. Validar: valídase o contido e móstrase a solicitude completa con obxecto de que o usuario poida revisala.
3. Solicitar: confírmase a gravación e presentación da solicitude, e obtéñense os documentos asociados.

O paso activo móstrase en todo momento na parte superior dereita da pantalla, nunha lenda resaltada en cor azul.

Paso 1. Cubrir os datos necesarios para o trámite



No primeiro paso o usuario debe cubrir todos os datos necesarios da solicitude, leste é o único paso no que os datos son editables.

O sistema mostra ao usuario sucesivas pantallas nas que debe introducir a información da solicitude de trámite. O botón "***Seguinte***" permite permite avanzar ao subpaso seguinte, e o botón "***Anterior***" permite volver ao subpaso anterior.

En calquera momento da introdución de datos o gandeiro pode pulsar sobre o botón "***Gardar***", con esta acción os datos xa introducidos almacénanse nun borrador. Desta forma pódese deixar pendente este trámite e recuperar o borrador noutro momento para continuar co seu enchemento. Se se abandona a aplicación sen gardar o borrador, perderanse os datos introducidos. Se se quere eliminar o borrador, terá que pulsar o botón "***Borrar***".

Paso 2. Validar

Unha vez cubertos todos os datos solicitados no primeiro paso, o usuario pode pasar ao segundo paso pulsando sobre o botón "***Validar***". O sistema efectuará unha serie de validacións sobre os datos introducidos. Se o sistema detecta algún erro mostrará a correspondente mensaxe e non se poderá realizar a presentación da solicitude.

Algúns trámites necesitan unha revisión posterior por parte dun xestor para ser aprobada (*por exemplo, Solicitude dunha guía, Cambio de nome*). Nestes trámites solicítase ao usuario uns datos de contacto para avisarlle cando se aprobe ou denegue a solicitude. Poderá especificar unha dirección de correo electrónico, sendo esta a canle preferente.



Valide os datos

A pantalla de confirmación de datos mostra todos os datos introducidos para a solicitude e non se permite modificalos. O obxectivo deste paso é que o usuario revise e confirme os datos introducidos. Se detecta que algún dato é incorrecto, pulsando sobre o botón "***Anterior***" pode volver ás pantallas de introdución de datos e facer as modificacións necesarias.

Se todos os datos introducidos son correctos, o usuario deberá pulsar sobre o botón "***Solicitar***" para facer efectiva a solicitude do trámite.

Paso 3. Solicitar

Ao pulsar o botón "Solicitar" pásase ao seguinte paso "Solicitude presentada"

Solicitude presentada

Neste paso móstranse todos os datos en modo só consulta. Ademais, aparecen dous bloques de datos que non se mostran mentres a solicitude está en estado Borrador: "*Identificación da solicitude*" e "*Documentos relacionados*"

Identificación da solicitude



- Nº Solicitude: Identificador único da solicitude.
- Estado: A solicitude pode atoparse en estado:

- "*Presentada*", Trátase dun estado temporal no que permanece desde que o usuario realiza a acción de "Solicitar" ata que se completa o procesamento da solicitude e pasa a estar nalgún dos estados seguintes.
- *"Aprobada"*
- *"Denegada"*
- *"En trámite"*, pendente de que un xestor a revise para aprobala ou denegala.

- Solicitante: *Gandeiro que realiza a solicitude*.

- Data comunicación: Data na que se fai efectiva a presentación da solicitude.

Documentos relacionados



Mostra todos os documentos relacionados coa solicitude que se acaba de presentar ou que se está consultando.

Neste último paso mostrarase unha mensaxe indicando que se presentou a solicitude correctamente e que o resgardo poderase descargar desde *Meus documentos ou o bloque de datos Documentos relacionados*. Se se necesita xerar outra copia dos documentos débese pulsar sobre o botón "Xerar Documentación", tras o cal xeraranse novas copias dos documentos e poderanse descargar desde Meus documentos ou Documentos relacionados**.**

A pantalla neste Paso 3 de resultado de presentación da solicitude actualízase automaticamente cando a solicitude cambia de estado ou finaliza a xeración dun documento.

No caso de ocorrer un erro á hora de presentar a solicitude, o sistema pode denegala automaticamente, neste caso, o usuario será informado cunha mensaxe no bloque de Identificación da solicitude:



3.12.3. Borrador de trámite

En calquera momento da introdución de datos dun trámite existe a posibilidade de gardar un "*Borrador*" da solicitude de trámite.

O gandeiro pode modificar os datos dunha determinada solicitude tantas veces como necesite ata que finalmente a presente. Ademais, se por calquera motivo o gandeiro debe abandonar OVGAN, non perde

os datos que introducise e a próxima vez que acceda a ese trámite mostraráselle a solicitude cos datos que xa gardara no borrador.

Para gardar un borrador cos datos introducidos só é preciso pulsar o botón "***Gardar***" en calquera momento da realización do trámite. Se non se pulsa sobre o botón "***Gardar***" e abandónase OVGAN entón perderanse os datos introducidos. Para eliminar un borrador hai que pulsar o botón "***Borrar***".

O sistema soamente permite gardar e manter un único borrador sen presentar para cada tipo de trámite.

3.12.4. Botóns do asistente de trámites

O funcionamento dos botóns que se mostran no asistente de cada trámite é o seguinte:

- "***+ / -***". Mostra ou oculta bloques de información da solicitude.

- ***Anterior***: Permite volver á pantalla anterior do mesmo trámite. Este botón está visible unha vez pasouse a primeira pantalla de introdución de datos.

- ***Seguinte***: Permite avanzar á seguinte pantalla de introdución de datos. Este botón só está visible nos trámites que teñan varios pasos de introdución de datos.

- ***Gardar***: Ao pulsar este botón créase un borrador que contén os datos que se introduciron ata ese momento. Este botón está visible en todos os pasos de introdución de datos.

- ***Borrar***: Permite eliminar o borrador. Este botón só estará visible cando o usuario gardase un borrador da solicitude. Ao pulsar sobre o mesmo o sistema mostrará unha mensaxe de confirmación ao usuario e se o usuario confirma a operación de borrado, o sistema eliminará o borrador.

- ***Cancelar***: Permite cancelar o trámite e volver a unha pantalla anterior. Ao pulsar sobre este botón o sistema mostra unha mensaxe de confirmación ao usuario e se o usuario confirma a operación de abandonar a solicitude, o sistema retorna ao Muro. No caso de que se estea consultando un trámite xa gardado ao que se accedeu a través de *Meus trámites*, cando o usuario pulse este botón o sistema retorna á pantalla de *Meus trámites*.

- ***Validar***: Este botón só está visible cando se introduciron todos os datos requiridos polo trámite. Ao pulsar este botón o sistema valida se son correctos todos os datos introducidos na solicitude. Se hai algún problema móstrase ao usuario a correspondente mensaxe de erro, se todo está correcto móstrase unha pantalla resumen con todos os datos introducidos para que o usuario verifique se son correctos.

- ***Solicitar***: Ao pulsar este botón procédese a realizar a solicitude do trámite. A partir deste punto xa non se poderá borrar a solicitude. Este botón só está visible no paso 2 do asistente.

- Xe***rar documentación***: Xera unha copia de todos os documentos, normalmente un resgardo, relacionados coa solicitude e almacénaos en Meus documentos. Este botón só está visible unha vez presentouse o trámite.

- ***Novo***: Permite crear unha nova solicitude para o mesmo trámite que se mostra en pantalla. Só está dispoñible unha vez presentouse o trámite.

- ***Copiar solicitude:*** Ao pulsar sobre este botón o sistema creará unha nova solicitude do mesmo trámite na que se copiarán uns datos mínimos a partir do trámite do que se partiu para facer a "copia", facilitando así ao usuario a realización de solicitudes similares.

Este botón só está dispoñible para algúns trámites:

- Alta por nacemento.

- Declaración de movemento.

- Solicitude de duplicados de crotal.

3.12.5. Apartados comúns nos trámites de movemento

Os seguintes apartados requiren o seu enchemento nos trámites que impliquen movemento de animais (declaración de movemento, solicitude de autoguía e solicitude de guía regular):

Explotación

O primeiro será seleccionar a explotación para a que se vai a declarar o movemento mediante o selector de explotacións *(Selección de explotación)*:



Datos xerais do movemento

Débese indicar a data de saída do movemento, así como a explotación de destino. Para introducir a explotación de destino hai varias opcións:

- teclear o código REGA
- elixir unha explotación no despregable que mostra as utilizadas recentemente
- usar o buscador para o caso de que se trate dunha feira ou mercado

Pulsando sobre o botón "***Buscar feiras/matadoiros***" accédese a un buscador que só mostra explotacións de tipo feira ou matadoiros.

Pulsando sobre a icona seleccionar ou sobre a ligazón correspondente ao código REGA, o usuario pode seleccionar a explotación e cárgase o seu valor no campo "*REGA destino*".



Animais identificados individualmente

Para engadir un animal á composición do movemento, o usuario debe seleccionar un crotal da lista de "Crotais dispoñibles" e pulsar "Engadir Animal".

Ao despregar a lista de crotais dispoñibles pode realizar unha procura rápida introducindo algúns caracteres do crotal no campo buscador.





Animais identificados por lotes

Nas especies nas que se permita o traslado por lotes aparece este apartado.

Seleccionar a categoría e cantidade de animais e pulsar "Engadir".



Pódense engadir varios lotes de diferente categoría.



Transporte dos animais

Neste apartado introdúcense os datos do transportista. Por norma xeral é obrigatorio cubrir o código ATES do transportista e o identificador do vehículo.



Se a declaración é dun movemento de aves de curral para os que exclusivamente se trasladan ovos para incubar, en lugar de introducir o ATES do transportista, o usuario debe introducir obrigatoriamente o NIF do transportista e o identificador do vehículo en campos de texto libre.



No caso dun "Movemento a pé", entre explotacións do mesmo concello, debe marcarse a casa correspondente e non é necesario cubrir os datos de transportista e vehículo.



Cando o vehículo usado non está rexistrado vinculado ao transportista seleccionado debemos marcar a casa "É outro vehículo" e cubrir o identificador do vehículo directamente no campo de texto libre que se mostra en lugar da lista de vehículos do transportista.



Se o transportista é estranxeiro e non está rexistrado debemos marcar a casa "Transportista doutro país" e cubrir obrigatoriamente un código de autorización de transportista e un identificador do vehículo:



Nun caso normal que non é transportista doutro país, nin movemento a pé, nin outro vehículo nin movemento exclusivo de ovos para incubar debemos cubrir un código de transportista ATES rexistrado.

Por defecto está escrita a palabra "***ATES***" no campo do transportista. Ademais, neste campo, o usuario pode introducir o código ATES en formato PP/NNN, de modo que automaticamente complétaselle o código ATES do transportista: ATES11PP0000NNN. *Opción só válida para os transportistas de Galicia.*

O valor do ATES pódese cubrir directamente ou seleccionalo coa axuda do Buscador de transportista. Para abrir o buscador de transportista o usuario debe pulsar sobre o botón coa icona de lupa, pegado ao campo transportista.



Como no resto dos buscadores da aplicación, o funcionamento é o mesmo, isto é, procura simple e procura con máis filtros.

A procura realízase primeiro sobre os transportistas rexistrados en Galicia, e de non atopar resultados, búscase a nivel nacional. Para este caso só se terán en conta os campos NIF ou ATES.



Unha vez introducidos os filtros de procura débese pulsar sobre o botón ***"Buscar".***



Para seleccionar o transportista débese pulsar sobre a icona de selección e cargaranse os seus datos nos datos do transportista.



Datos de notificación

É posible que este trámite, en función da información introducida, necesite unha posterior revisión por parte dun xestor para ser aprobado ou denegado, é por iso que se solicitan ao usuario uns datos de contacto para avisarlle cando se aprobe ou denegue a solicitude. Poderá especificar unha dirección de correo electrónico.



3.12.6. Trámites de aprobación directa ou supervisada

Unha vez que se presenta unha solicitude de trámite, esta pode quedar en catro posibles estados:

- Presentada
- Aprobada
- Denegada
- En trámite

Durante o período de tempo en que o sistema está a tramitar a solicitude, o estado da solicitude é ***Presentada***. Este período adoita durar uns poucos segundos.

Existen determinadas solicitudes cuxa tramitación se completa de forma automática polo sistema, por tanto, este tipo de solicitudes quedan en estado ***Aprobada*** ou ***Denegada*** no momento de finalizar o proceso de tramitación.

Outras solicitudes en cambio necesitan unha revisión manual por parte de persoal xestor da Consellería. Estas solicitudes permanecerán ***En trámite*** ata o momento no que un xestor apróbeas ou denegue de forma manual.

A continuación móstrase a relación de trámites que requiren a supervisión de persoal xestor da Consellería para aprobar/denegar a solicitude:

Trámite	**Casos en que se require supervisión de persoal xestor**
Alta por nacemiento	Cando se trata dun parto xemelar
Duplicado de crotal	Se se solicitou outro duplicado de crotal recentemente para o mesmo animal
Guía regular	Sempre
Declaración de censo	Se o censo que está a declarar supera a capacidade máxima permitida da explotación
Cambio de datos persoais	Se hai un cambio de nome

Sempre que unha solicitude poida quedar ***En trámite*** o sistema solicita ao usuario unha dirección de correo electrónico. Deste xeito, cando a solicitude cambie de estado, o sistema enviará unha mensaxe informativa á dirección de correo electrónico indicada.

4. FUNCIONALIDADES DO SISTEMA

4.1. Páxina inicial - Menú

O menú de opcións de OVGAN móstrase nunha columna á esquerda da pantalla. Inicialmente móstrase aberto coas opcións de *Novo trámite* visibles.



Pulsando sobre os nomes que se mostran accédese ás diferentes opcións:

- Pechar o menú de opcións.
- Abrir o menú de opcións.
- Pantalla inicial onde se mostra o menú e o Muro.
- Consultas.
- Novo trámite.
- Meus documentos.
- Meus trámites.

4.2. Páxina inicial - Muro

Na páxina inicial móstrase o Muro. Este espazo inclúe avisos xerais sobre o sistema, e tamén notificacións relativas aos trámites realizados pola persoa conectada.

- Lista de avisos xerais e personalizados, ordenados de forma que se mostran primeiro os máis recentes e por defecto os de prioridade *"Alta"*.



- Buscador de avisos aplicando diferentes filtros.



O filtro "***Orixe***" fai referencia á operación que xerou o aviso. Pode ter os seguintes valores:

- ***Consulta:*** a operación que orixinou o aviso foi a execución dunha consulta na aplicación.

- ***Exportación:*** a operación que orixinou o aviso foi a execución dunha exportación dunha determinada listaxe de resultados dunha consulta.

- ***Fábrica Crotales:*** a operación que orixinou o aviso foi a execución do proceso que xera o documento correspondente para a fábrica de crotais con todos os pedidos realizados nas solicitudes de duplicados de crotais.

- X***estor:*** a operación que orixinou o aviso foi os avisos xerados de forma manual por un xestor.

- ***Imprenta DIBs:*** a operación que orixinou o aviso foi a execución do proceso que xera o documento con todos os DIBs solicitados para o envío por correo ordinario e que deberá imprimir o usuario Imprenta DIBs.

- ***Trámite***: a operación que xerou o aviso foi a realización dun trámite na aplicación.

NOTA: os valores do filtro "***Orixe***" correspondentes a "*Fábrica Crotais*" e "*Imprenta DIBs*" non aplican ao usuario gandeiro.

O filtro "***Prioridade***" fai referencia á prioridade establecida nos avisos. Os posibles valores que pode ter son os seguintes:

- Alta
- Baixa
- Media

Se se dispón de moitas notificacións pódese ir avanzando na lista de avisos pulsando sobre o botón "***Mostrar máis avisos***".

4.3. Axuda

Nesta pantalla atópanse ao dispor dos usuarios diferentes documentos e materiais de axuda. Entre eles atópanse ligazóns a outras páxinas web con teléfonos de interese, prezos de servizos, etc.



Para descargar un documento deberá pulsar sobre a ligazón correspondente.

Pódese atopar máis información e outros documentos relacionados con este sistema na páxina web: Oficina Virtual da Consellería do Medio Rural.

4.4. Meus documentos

Nesta pantalla o usuario pode consultar e descargar ao PC local todos os documentos anexados ou xerados nos trámites, os informes solicitados, así como as exportacións das listaxes.

Ao acceder a esta pantalla móstrase directamente a listaxe dos documentos xerados na última semana sen necesidade de facer unha procura previa.

Tamén se poden realizar procuras sobre os documentos, para iso, unha vez introducidos os filtros polos que quere realizar a procura, débese pulsar sobre o botón "***Buscar***" e obterase unha listaxe dos documentos que coincidan cos filtros de procura introducidos.



O filtro "**Trámite/Consulta**" fai referencia a todos os posibles trámites e consultas dispoñibles no sistema. Ao usar este filtro móstranse todos os documentos xerados para o trámite ou consulta que se seleccionou. No caso de seleccionar o valor "Os meus trámites" mostraranse todos os documentos que se xeraron correspondentes á exportación da listaxe dos trámites realizados por un gandeiro.

O filtro "***Orixe***" fai referencia ao tipo de operación que xerou un documento. Os posibles valores son os seguintes:

- **Consulta**: a operación que orixinou o documento foi a execución dunha consulta na aplicación.
- **Exportación**: a operación que orixinou o documento foi a exportación dunha listaxe de resultados dunha consulta.
- **Fábrica crotais**: a operación que orixinou o documento foi a execución do proceso que xera o documento correspondente para a fábrica de crotais con todos os pedidos realizados nas solicitudes de duplicados de crotais.
- **Xestor**: a operación que orixinou o documento foi un documento creado de forma manual por un xestor.
- **Imprenta DIBs**: a operación que orixinou o documento foi a execución do proceso que xera o documento con todos os DIBs solicitados para o envío por correo ordinario e que deberá imprimir o usuario Imprenta DIBs.
- **Trámite**: a operación que xerou o documento foi a realización dun trámite na aplicación.

NOTA: os valores do filtro "***Orixe***" correspondentes a "*Fábrica Crotais*" e "*Imprenta DIBs*" non aplican ao usuario gandeiro.

Para descargar un determinado documento o usuario debe pulsar sobre o seu nome ou ou sobre a icona  .

Se o usuario quere eliminar un determinado documento debe pulsar sobre a icona  do elemento para eliminar. Non todos os documentos teñen a opción de eliminación habilitada.

Pulsando sobre o N.º de solicitude accédese ao detalle da solicitude para a que se xerou o documento.

4.5. Consultas

4.5.1. Explotacións

Esta funcionalidade permite aos usuarios consultar os datos das explotacións sobre as que teñan permisos.

O gandeiro, nada máis acceder á funcionalidade, verá precargada a lista das súas explotacións.



Tamén pode realizar procuras sobre as súas explotacións, para iso, unha vez introducidos os filtros polos que quere realizar a procura, deberá de pulsar sobre o botón "**Buscar**" e obterase unha listaxe de explotacións.

Cabe destacar que a pantalla, ademais, proporciona un método de procura simple, onde o único criterio de procura que se debe completar é o código REGA da explotación nese caso a procura lanzarase pulsando sobre a icona correspondente á lupa.

Pulsando sobre a icona detalle dun determinado elemento da lista ou sobre a ligazón correspondente ao código REGA, accederase aos datos do devandito elemento en modo consulta.

A información da explotación mostrarase en varios bloques:













Desde a consulta de datos da explotación, pulsando sobre a ligazón correspondente na sección "Outros datos da explotación", pódese acceder á consulta do censo de animais con identificación individual e á consulta de movementos da explotación.

Pódese obter un informe de datos da explotación pulsando sobre o botón "***Xerar***" situado barra de botóns.

4.5.2. Documento de acreditación sanitaria

Nesta pantalla pódese obter o documento de acreditación sanitaria dunha explotación.

Para iso o usuario só debe seleccionar a explotación para a que quere obter o documento mediante o selector de explotacións (*Selección de explotación*), a continuación, debe pulsar sobre o botón "**Descargar acreditación**". Unha vez xerado o documento descárgase directamente e almacénase tamén en *Meus documentos*. Durante o proceso de xeración mantense informado o usuario da situación do proceso e unha vez finalizado infórmaselle do resultado ou dos posibles erros.



4.5.3. Libro de explotación

Esta pantalla permite xerar o libro de explotación para unha determinada explotación.

Para iso o usuario debe seleccionar primeiro a explotación mediante o selector de explotacións *(Selección de explotación)*, a continuación, se é necesario, debe modificar as datas de consulta (*cargadas por defecto cun rango de seis meses anteriores á data actual*) e por último, deberá seleccionar o formato no que quere xerar o documento, isto é, formato documento PDF ou formato folla de cálculo XLSX.



Unha vez introducise todos os filtros correctamente, debe pulsar sobre o botón "***Xerar***". Mostrarase unha mensaxe ao usuario para indicarlle que pode descargar o documento xerado en *Meus documentos*.



4.5.4. Declaracións de censo

Esta pantalla permite consultar as declaracións de censo de todo tipo que se rexistraron.

Para iso o usuario debe seleccionar a explotación mediante o selector de explotacións *(Selección de explotación)*. A continuación, se é necesario, debe modificar o rango de datas da consulta (*cargadas por defecto cun rango que vai desde o 31 de Decembro de dous anos anterior ata a data actual*). Finalmente ao pulsar "**Buscar**" realízase a procura das declaracións de censo desa explotación nese rango de datas.



Unha vez obtida a lista de declaracións de censo, pódense consultar os detalles dunha determinada declaración pulsando sobre a icona detalle ou sobre a ligazón correspondente á data de referencia.



Desde o detalle dunha declaración de censo, para retornar de novo á procura de declaracións de censo que se acaba de realizar o usuario deberá pulsar sobre o botón "**Volver**".



4.5.5. Censo a unha data

Esta pantalla permite consultar a lista de animais identificados individualmente localizados, nunha explotación e nunha data determinadas. Unha vez listados os animais localizados na explotación, pódese acceder ao seu detalle. Ademais, pódese obter a mesma información en forma de informe.

Para iso o usuario deberá seleccionar a explotación mediante o selector de explotacións *(Selector de explotación),* unha vez seleccionada a explotación, mostrarase detalle da mesma na pantalla.



A continuación, se é necesario, debe modificar a data para a que quere facer a consulta xa que por defecto calcúlase coa data actual e logo debe pulsar sobre o botón coa icona da lupa para realizar a procura do censo:



Unha vez obtidos os resultados do censo, o usuario pode acceder á consulta dos datos dun determinado animal pulsando sobre a icona detalle  ou sobre a ligazón correspondente ao código de crotal.



Desde a consulta de datos dun animal identificado individualmente, para retornar de novo á consulta do censo o usuario deberá pulsar sobre o botón "***Volver***".

Pola contra se se desexa consultar os datos dun movemento relacionado con ese animal, débese pulsar sobre a icona correspondente ao detalle dun movemento en concreto:



Na pantalla correspondente á consulta do censo, os botóns "***Xerar PDF***" e "***Xerar Excel***" vai xerar o informe do censo no formato solicitado. Este documento poderase descargar desde a pantalla *Meus documentos*.



4.5.6. Animais identificados individualmente

Esta pantalla permite a consulta de animais a partir da súa identificación individual nunha determinada explotación. O sistema mostra unha listaxe paxinado cos resultados dos animais que encaixen cos filtros de busca seleccionados. Sobre esta listaxe, pódese acceder ao detalle de calquera animal.

O primeiro é indicar a familia e o crotal/NPU que se quere buscar:



Ou pola contra, pódese usar a ligazón "Consultas por condicións" para buscar animais identificados individualmente usando outros filtros de procura:



A través do buscador avanzado é posible acceder ao buscador de REGAs das explotacións dispoñibles para o usuario conectado. Para iso o usuario debe pulsar sobre o botón "***Buscar REGA***" e abrirase o buscador de REGAs:



Pulsando sobre a icona seleccionar ou sobre a ligazón correspondente ao código REGA, selecciónase o REGA concreto para o que se quere facer a procura, cargando tamén a familia do REGA seleccionado:



Unha vez introducidos os filtros de procura, tanto no buscador simple como no avanzado, deberase pulsar sobre o botón "**Buscar**" para realizar a procura. Mostrarase unha listaxe cos animais identificados individualmente que coincidan cos filtros de procura introducidos:



Pulsando sobre a icona correspondente ao detalle ou sobre a ligazón correspondente ao código de crotal, accédese a consultar os datos dun animal en concreto.

A información referente ao animal móstrase en catro bloques:





- *Datos do animal*: contén os datos básicos do animal. Ademais, no caso dos bovinos, móstrase unha ligazón para descargar o DIB.
- *Nacemento*: móstranse os datos referentes ao nacemento do animal.
- *Localización actual*: móstranse os datos referentes á localización actual do animal.
- *Movementos*: móstrase unha listaxe con todos os movementos que tivese ese animal.

Desde a consulta de datos dun animal identificado individualmente para retornar de novo á consulta que se acaba de realizar o usuario debe pulsar sobre o botón "***Volver***".

Pola contra se se desexa consultar os datos dun movemento relacionado con ese animal, débese pulsar sobre a icona correspondente ao detalle dun movemento en concreto:



A información referente ao movemento móstrase en catro bloques:
- *Identificación*: contén os datos de identificación do movemento.
- *Orixe do movemento*: contén os datos referentes á orixe do movemento.
- *Destino do movemento*: contén os datos referentes ao destino do movemento.



- *Animais identificados individualmente*: contén unha listaxe cos datos básicos dos animais incluídos nese movemento. No caso dun movemento de animais por lotes, mostrarase unha listaxe coa composición do lote incluído nese movemento. Móstrase exemplo a continuación dunha composición de movemento por lotes:



Para retornar dos datos do movemento aos datos do animal identificado individualmente o usuario deberá pulsar sobre o botón ***"Volver"***.

4.5.7. Movementos

Esta pantalla permite consultar os movementos realizados nunha determinada explotación nun determinado período de tempo. Unha vez seleccionada a explotación para a que se van buscar os movementos, pódese indicar tamén a dirección do movemento e o rango de datas.

Para evitar sobrecarga e mellorar a axilidade, o sistema establece un período máximo de consulta e obriga a acoutar o rango de datas de procura.



Unha vez introducidos os filtros de procura débese pulsar sobre o botón ***"Buscar"***.



Pódese acceder ao detalle de cada un dos movementos listados por pantalla, de forma similar aos detalles dunha res, distribúese a información por pantalla da seguinte maneira:

